

XORNADA DO OBSERVATORIO  
DE DEREITOS LINGÜÍSTICOS

A Coruña  
Sábado 23 de novembro  
Biblioteca Provincial

A MESA POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA



A MESA POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA



**Lingua con dereito.  
Dereito á lingua**

**10.00h. Apertura das Xornadas**

Soledad Agra (Deputada de Lingua da Deputación da Coruña)

Marcos Maceira (Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística)

**11.00h. «Litigación estratéxica pola lingua. Desafíos e oportunidades»**

Xoán Antón Pérez Lema (avogado)

**11.45h. «Finalidades e obxectivos lexítimos previstos polo TEDH e a xurisprudencia do TXUE para as linguas minorizadas»**

Benet Salellas i Vilar (avogado)

**12.30h. Pausa****13.00h. «A ofensiva xudicial contra o Euskera»**

Iñigo Urrutia (Profesor de Dereito na Universidade do País Vasco especializado en Dereitos Lingüísticos)

**14.00h. Xantar****16.00h. «O galego e a contratación pública»**

Carlos Amoedo Souto (Profesor de Dereito na UDC)

**16.45h. «Litixios pola lingua»**

Elsa Quintas, Miguel Vieito e Cristina Fernández (avogados)

**17.30h. «Ferramentas sociais para a defensa de dereitos lingüísticos. A Liña do Galego»**

Rut Carandell (Plataforma per la llengua)

Agurne Gaubeka (Hizkuntz Eskubideen Behatokia)

Elsa Quintas (Observatorio de Dereitos Lingüísticos)

**18.30h. «Liñas de actuación do Observatorio de Dereitos Lingüísticos e conclusións»**

Elsa Quintas (Observatorio de Dereitos Lingüísticos)

**19.00h. Clausura das Xornadas**

Para a área de Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís da Deputación da Coruña e mais para o Observatorio de Dereitos Lingüísticos da Mesa pola Normalización Lingüística é fundamental defendermos activamente a **presenza do galego en todos os ámbitos.**

Unha das vías para o facer, é demandarmos pola **vía xudicial** os dereitos que nos negan a cotío institucións públicas e empresas malia figuraren no ordenamento xurídico. **A negación diaria dos nosos dereitos obríganos a acudirnos aos tribunais** para que se cumpran normas como a Lei de Contrato do Seguro, a Lei do Procedemento Administrativo, etc. Mais tamén para recorrer aquelas sancións impostas en aplicación da Lei Orgánica de Seguridade Cidadá por reivindicar o exercicio destes dereitos.

Neste sentido, cómpre dotármonos de **novas ferramentas, explorarmos estratexias procesuais e contrastarmos as experiencias con compañeiros e compañeiras doutras nacións** nas que, como na nosa, lles é negado o dereito a viviren na súa lingua. O **respeito ao exercicio dos dereitos lingüísticos ha de ser sinónimo de democracia e de estado de dereito**, partindo da premisa de que **os dereitos lingüísticos fan parte dos dereitos humanos**, e que ao seren negados e impedida a súa materialización ponse en perigo o sistema de valores sobre os que se sustenta un estado de dereito.